



CONCELLO DE ARANGA

Anuncio convocatoria Xuíz de Paz titular de Aranga.

O Concello de Aranga anuncia a convocatoria pública para a elección do Xuíz de Paz Titular do Xulgado de Paz de Aranga.

Poderán participar nesta selección as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español
- b) Ser maior de 18 anos
- c) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade previstas pola Lei orgánica 6/1985 de 1 de xullo de Poder Xudicial, nin estar incapacitado ou impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.
- d) Non estar incurso en causas de incompatibilidade previstas no artigo 389 da lei 6/1985 de 1 de xullo.
- e) Non estar condenado por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobreseimento.
- f) Estar en pleno uso dos seus dereitos civís.

Os aspirantes poderán presentar as súas solicitudes no prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte a inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Rexistro de entrada do concello o mediante o procedemento regulado no artigo 16.4 da lei 39/2015 de Procedemento administrativo Común das administracións públicas, no modelo de instancia que se atopará a disposición dos interesados nas oficinas municipais e na sede electrónica deste concello de Aranga: <https://sede.aranga.gal>.

Á solicitude adxuntarase a seguinte documentación :

- a) Certificado de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI
- b) Certificado do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e a declaración complementaria a que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, relativa a non estar inculcado nin procesado.
- c) Xustificación de méritos que se aleguen.

O expediente completo poderá ser examinado polos aspirantes que o desexen, na Secretaría deste Concello.

Aranga, 3 de abril de 2025.

O alcalde . Asdo./ Alberto Platas Álvarez

INSTANCIA

D./Dna., con DNI núm. e domicilio en de, con número de teléfono..... e correo electrónico a efectos de notificacións

E X P O Ñ O:

Que tiven coñecemento da convocatoria do concello de Aranga para a elección do Xuíz de Paz Titular do Xulgado de Paz de Aranga.

Que reúno todos e cada ún dos requisitos que se esixen para participara no proceso.

Que non estando incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas para o desempeño da función xudicial, desexo participar na dita convocatoria, para o cal xunto a esta instancia os documentos que se requiren, así como os que xustifican os seguintes méritos que alego:

Polo exposto **S O L I C I T O :**

Que tendo por presentada esta instancia sexa admitido a participar na referida convocatoria.

....., de de 2025

Asdo./

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARANGA